

## **"5 Urbanismo, obras e servizos**

### **5.1 Resolución de expedientes de contratación**

5.1.1 Resolución do expediente de contratación do contrato de obras "Dotación dun campo de herba artificial no campo de fútbol de Corme".

A secretaria le as actas da Mesa de contratación dos días 1 de decembro de 2008 e 20 de febreiro do 2009, así como o informe da interventora municipal.

Os membros da Xunta de Goberno Local examinaron o expediente tramitado para contratar, por procedemento aberto con varios criterios de adxudicación, o contrato de obras para a dotación cun campo de herba artificial no campo de fútbol de Corme, segundo o proxecto que elaborou a empresa NAOS Arquitectura, S.L. A obra ten un orzamento de 374.778,60 € (323.085,00 € de execución material e 51.693,60 € de IVE). O proxecto aprobouno o alcalde na Resolución núm. 269/2008, do 9 de outubro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e unha vez que a secretaria leu as actas e os informes preceptivos e unha vez determinado que se cumpriron os requisitos contidos no prego de cláusulas administrativas que rexen o contrato, e de conformidade co establecido no artigo 135 e na disposición adicional segunda da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector Público, así como na Resolución da Alcaldía núm. 170/2007, do 22 de xuño, de delegacións da Alcaldía, ACORDA:

1 Declarar válida a licitación e adxudicarlle provisionalmente, por procedemento aberto con varios criterios de adxudicación, o contrato de obras para a dotación cun campo de herba artificial no campo de fútbol de Corme á empresa Construcciones López Cao, S.L., polo prezo de 315.526 € (272.005,26 € de execución material e 43.520,84 € de IVE).

2 Notificarlles a adxudicación provisional a todas as empresas candidatas que non resultaron adxudicatarias.

12 Dispor o gasto correspondente con cargo á partida 2008.452.8p.601.00 do orzamento municipal.

4. Notificarlle este acordo á empresa adxudicataria provisional do contrato para que presente a documentación xustificativa de estar ao día nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e calquera outro documento que acredite que é apta para contratar, así como para que constitúa a garantía definitiva polo importe de 13.600 €, dentro dos quince días hábiles seguintes ao da data de publicación da adxudicación provisional no Boletín Oficial da Provincia e no Perfil de contratante.

5. Publicar a adxudicación provisional do contrato no BOP e no Perfil de contratante do órgano de contratación."